

SUBGRUPO C2-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

TEMA 1- LEI 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

1. Para os efectos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e segundo o sinalado polo artigo 2 da devandita lei, cal das seguintes entidades non forma parte do sector público institucional?:

- a) As entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes das administracións públicas.
- b) As entidades que integran a Administración local.
- c) As universidades públicas.

2. Segundo o artigo 2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as entidades de dereito privado dependentes das administracións públicas quedarán suxeitas ao disposto nesta lei:

- a) Só cando exerzan potestades administrativas.
- b) Cando as normas desta lei se refiran especificamente a estas e, en todo caso, cando exerzan potestades administrativas.
- c) Cando as normas desta lei se refiran especificamente a estas, pero non cando exerzan potestades administrativas.

3. En que supostos terán capacidade de obrar ante as administracións públicas os grupos de afectados segundo o artigo 3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas?:

- a) Cando a lei así o declare expresamente.
- b) Unicamente nos casos previstos pola propia lei de procedemento administrativo común.
- c) En ningún caso, salvo que unha norma con rango de lei diga o contrario.

4. A teor da regulación contida no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal dos seguintes supostos non encaixa coa definición de interesado?:

- a) O que promova o procedemento como titular de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
- b) O que, sen iniciar o procedemento, teña dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que nel se adopte.
- c) O que, sen iniciar o procedemento, teña calquera tipo de interese nel.

5. A falta ou insuficiente acreditación da representación non impedirá que se teña por realizado o acto de que se trate, sempre que se achegue aquela ou se emende o defecto dentro do prazo de (artigo 5 da LPAC):

- a) Cinco días ou dun prazo inferior cando as circunstancias do caso así o requiran.
- b) Dez días ou dun prazo superior cando as circunstancias do caso así o requiran.
- c) Sete días ou dun prazo inferior cando as circunstancias do caso así o requiran.

6. Conforme ao artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, quen poderá actuar en representación doutra persoa ante as administracións públicas?:

- a) As persoas xurídicas en todo caso.
- b) As persoas físicas en todo caso.
- c) As persoas físicas con capacidade de obrar.

SUBGRUPO C2-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

7. Dispón o artigo 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que os rexistros electrónicos xerais e particulares de apoderamentos pertencentes a todas e cada unha das administracións deberán ser:

- a) Accesibles ao público que acredite un dereito ou interese lexítimo.
- b) Auténticos e transparentes.
- c) Plenamente interoperables entre si.

8. De acordo co disposto no artigo 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal dos seguintes datos non está previsto que forme parte da información mínima que debe de constar nos asentos que se realicen nos rexistros electrónicos xerais e particulares de apoderamentos?:

- a) Período de tempo polo cal se outorga o poder.
- b) Obxecto do apoderamento.
- c) Data de inscrición.

9. Sinala o artigo 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que os poderes inscritos no rexistro terán unha validez determinada máxima de:

- a) Cinco anos contados desde a data de inscrición.
- b) Dous anos contados desde a data de inscrición.
- c) Tres anos contados desde a data de presentación das solicitudes de inscrición do poder.

10 De conformidade co artigo 7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando nunha solicitude, escrito ou comunicación figuren varios interesados, as actuacións a que dean lugar efectuaranse:

- a) Co que figure en primeiro termo, en calquera caso.
- b) Co que decida discrecionalmente a Administración.
- c) Co representante ou co interesado que expresamente se sinalase.

11. Comunicaráselles a tramitación dun procedemento ás persoas que sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos e directos cuxa identificación resulte do expediente e que poidan resultar afectados pola resolución que se dite (artigo 8 da LPAC):

- a) En calquera momento anterior ao trámite de audiencia.
- b) Durante a instrución dun procedemento que non tivese publicidade.
- c) Durante a tramitación de calquera clase de procedemento.

12. Un dos seguintes sistemas non está previsto como un daqueles que poderán utilizar os interesados para identificarse electronicamente ante as administracións públicas no artigo 9 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Sinálese cal:

- a) Sistemas baseados en claves electrónicas recoñecidas de certificado electrónico expedidas por prestadores incluídos na "Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación".
- b) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na "Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación".
- c) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na "Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación".

SUBGRUPO C2-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

13. Segundo o artigo 10 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados poderán asinar a través de calquera medio que permita acreditar:

- a) A autenticidade da expresión da súa vontade e consentimento, aínda que non acredite a integridade e a inalterabilidade do documento.
- b) A autenticidade da expresión da súa vontade ou a integridade.
- c) A autenticidade da expresión da súa vontade e consentimento, así como a integridade e inalterabilidade do documento.

14. Sinala o artigo 11 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que as administracións públicas só lles requirirán aos interesados o uso obrigatorio de sinatura para unha serie de actuacións, entre as cales non se atopa unha das seguintes. Sinálese cal:

- a) Presentar declaracións responsables ou comunicacións.
- b) Desistir de accións.
- c) Presentar documentación no rexistro.

15. A Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais manterán actualizado un rexistro, ou outro sistema equivalente, onde constarán os funcionarios habilitados para a identificación ou sinatura regulada no artigo 12 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común. Estes rexistros ou sistemas deberán ser plenamente interoperables e estar interconectados cos das restantes administracións públicas (artigo 12 da LPAC):

- a) Para os efectos de comprobar a validez das citadas habilitacións.
- b) Para os efectos de axilizar a tramitación dos procedementos administrativos.
- c) Para os efectos de garantir os principios de transparencia e proximidade ao cidadán.

16. Un dos dereitos recoñecidos a quen ten capacidade de obrar ante as administracións públicas no artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas é o de comunicarse coas administracións públicas a través de:

- a) Un punto de contacto electrónico da Administración.
- b) Un punto de acceso xeral electrónico da Administración.
- c) Un punto de comunicación electrónico da Administración.

17. Que di o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas acerca das comunicacións a través de medios electrónicos entre a Administración e os administrados?:

- a) Que as persoas físicas poderán elixir en todo momento se se comunican coas administracións públicas a través dos devanditos medios ou non.
- b) Que as persoas xurídicas poderán elixir se se comunican coas administracións públicas a través dos devanditos medios ou non, salvo que exerzan unha actividade profesional.
- c) Que as persoas físicas poderán elixir en todo momento se se comunican coas administracións públicas a través dos devanditos medios ou non, salvo que estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas.

SUBGRUPO C2-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

18. Segundo o artigo 15 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se concorren varios interesados no procedemento e existise discrepancia en canto á lingua, o procedemento tramitarase en:

- a) Galego.
- b) Castelán.
- c) En ambas as dúas por duplicado.

19. O rexistro electrónico de cada Administración ou organismo garantirá a constancia, en cada asento que se practique, dun número, epígrafe expresiva da súa natureza, data e hora da súa presentación, identificación do interesado, órgano administrativo remitente, se procede, e persoa ou órgano administrativo ao que se envía e, se é o caso, referencia ao contido do documento que se rexistra. Para iso (artigo 16 da LPAC):

- a) Xerarse unha clave que poderá ser utilizada polo cidadán para acceder ao seu expediente.
- b) Emitirase automaticamente un recibo consistente nunha copia autenticada do documento de que se trate.
- c) O cidadán poderá solicitar que lle sexa entregado un documento que acredite a presentación por el realizada.

20. Sinala o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que os documentos presentados de maneira presencial ante as administracións públicas:

- a) Deberán ser dixitalizados pola oficina de asistencia en materia de rexistros na que fosen presentados para a súa incorporación ao expediente administrativo electrónico.
- b) Deberán ser dixitalizados polos interesados para a súa incorporación ao expediente administrativo electrónico.
- c) Deberán ser certificados por algunha das entidades prestadoras de servizos de certificación.

21. Os documentos electrónicos deberán conservarse nun formato que permita garantir a autenticidade, integridade e conservación do documento, así como a súa consulta, con independencia do tempo transcorrido desde a súa emisión. A eliminación dos devanditos documentos (artigo 17 da LPAC):

- a) Deberá ser autorizada de acordo co disposto na normativa aplicable.
- b) Deberá ser comunicada de acordo co disposto na normativa aplicable.
- c) Deberá ser xustificada de acordo co disposto na normativa aplicable.

22. Segundo o artigo 18 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados nun procedemento que coñezan datos que permitan identificar outros interesados que non comparecesen nel teñen:

- a) O deber de proporcionarlos á Administración actuante.
- b) O deber de comunicarllo a esa persoa.
- c) O dereito a non declaralo á Administración actuante.

23. Sinala o artigo 19 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que a comparecencia das persoas ante as oficinas públicas, xa sexa presencialmente ou por medios electrónicos, só será obrigatoria:

- a) En supostos excepcionais debidamente acreditados.
- b) Cando sexa necesario para a correcta tramitación do expediente.
- c) Cando así estea previsto nunha norma con rango de lei.

SUBGRUPO C2-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

24. Aclara o artigo 19 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que as administracións públicas lle entregarán ao interesado certificación acreditativa da comparecencia:

- a) Cando así o solicite.
- b) Unicamente cando esta comparecencia fose presencial.
- c) En todo caso.

25. A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación, excepto (artigo 21 da LPAC):

- d) Os supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio.
- e) Os procedementos de responsabilidade patrimonial.
- f) Os procedementos sancionadores.

26. As administracións públicas deben publicar e manter actualizadas no portal web as relacións de procedementos da súa competencia, con indicación dos seus prazos máximos de duración, así como dos efectos que produza o silencio administrativo (artigo 21 da LPAC):

- a) Para os efectos legais.
- b) Para os efectos que se determinen en cada caso.
- c) Para os efectos informativos.

27. En todo caso, as administracións públicas informarán os interesados do prazo máximo establecido para a resolución dos procedementos e para a notificación dos actos que lles poñan termo, así como dos efectos que poida producir o silencio administrativo. A dita mención incluírase na notificación ou publicación do acordo de iniciación de oficio ou na comunicación que se dirixirá para o efecto ao interesado (artigo 21 da LPAC):

- a) Dentro dos dez días seguintes á presentación da solicitude iniciadora do procedemento no rexistro do órgano competente para resolver.
- b) Dentro dos dez días seguintes á recepción da solicitude iniciadora do procedemento no rexistro electrónico da Administración ou organismo competente para a súa tramitación.
- c) Dentro dos dez días seguintes á presentación da solicitude iniciadora do procedemento no rexistro da Administración á que pertenza o órgano competente ou organismo para a súa tramitación.

28. Cando para a resolución do procedemento sexa indispensable a obtención dun pronunciamento previo por parte dun órgano xurisdiccional (artigo 22 da LPAC):

- a) Poderase suspender a execución da resolución a condición de que esta puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.
- b) Suspenderase o transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución.
- c) Poderase suspender o transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución.

29. Excepcionalmente, cando se esgoten os medios persoais e materiais dispoñibles, o órgano competente para resolver poderá acordar de maneira motivada a ampliación do prazo máximo de resolución e notificación, sen que poida ser este con carácter xeral (artigo 23 da LPAC):

- a) Superior ao establecido para a tramitación do procedemento.
- b) Superior a tres meses.
- c) Superior a seis meses.



SUBGRUPO C2-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

30. O prazo establecido no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas para que a Administración expida un certificado acreditativo do silencio producido é de:

- a) Quince días contados desde que se solicitou.
- b) Dez días desde que expire o prazo máximo para resolver o procedemento.
- c) Quince días desde que expire o prazo máximo para resolver o procedemento.

31. En cal dos seguintes supostos o vencemento do prazo máximo establecido sen que se ditase e notificase resolución expresa non levará necesariamente que se produza a caducidade do procedemento? (artigo 25 da LPAC):

- a) Procedementos en que a Administración exercite potestades sancionadoras.
- b) Procedementos dos que puidese derivarse o recoñecemento de dereitos.
- c) Procedementos en que a Administración exercite potestades de intervención susceptibles de producir efectos de gravame.

32. Respecto dos documentos electrónicos emitidos polas administracións públicas que se publiquen con carácter meramente informativo, sinala o artigo 26 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que:

- a) Requiren de sinatura electrónica.
- b) Será necesario identificar a súa orixe.
- c) Será necesario identificar o seu destino.

33. O artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas define a dixitalización como:

- d) O proceso técnico que permite converter un documento nun ficheiro dixital que contén a identidade do órgano que expediu o documento.
- e) O proceso tecnolóxico que permite converter un documento en soporte papel ou noutro soporte non electrónico nun ficheiro electrónico que contén a imaxe codificada, fiel e íntegra do documento.
- f) O proceso telemático que permite converter un documento en soporte papel nun ficheiro dixital que contén a sinatura incorporada do órgano que o emite.

34. En ausencia de oposición do interesado, as administracións públicas deberán solicitar os documentos electronicamente a través das súas redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto. Cando se trate de informes preceptivos xa elaborados por un órgano administrativo distinto ao que tramita o procedemento, estes deberán ser remitidos no prazo (artigo 28 da LPAC):

- a) De quince días contados desde a súa solicitude.
- b) Que determine o órgano que o solicite, que en ningún caso poderá ser superior a dez días.
- c) De dez días contados desde a súa solicitude.

35. En cal dos seguintes casos poderán as administracións solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas polo interesado? (artigo 28 da LPAC):

- a) Cando se trate de documentos de carácter preceptivo.
- b) Cando o documento achegado polo interesado estivese en formato papel.
- c) Cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia.



SUBGRUPO C2-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

36. No que se refire aos termos e prazos, de acordo co teor literal do artigo 29 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sinala cal das seguintes respostas é correcta:

- a) Os termos e prazos establecidos nesta ou noutras leis obrigan ás autoridades e ao persoal ao servizo das administracións públicas competentes para ditar resolución dos asuntos, así como aos interesados neles.
- b) Os termos e prazos establecidos nesta ou noutras leis obrigan ás autoridades e ao persoal o servizo das administracións públicas competentes para a tramitación dos asuntos, así como aos interesados neles.
- c) Os termos e prazos establecidos nesta ou noutras leis obrigan unicamente ao persoal ao servizo das administracións públicas competente para a instrución dos asuntos, así como aos interesados neles.

37. Sinala o artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que os prazos expresados en días se contarán a partir:

- a) Do día en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.
- b) Do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.
- c) Do día en que se dite o acto de que se trate.

38. Para os efectos do cómputo de prazo fixado en días hábiles e no que se refire ao cumprimento de prazos polos interesados no caso de presentación a través do rexistro electrónico, os días que se considerarán inhábiles determinaraos (artigo 31 da LPAC):

- a) A sede electrónica do rexistro de cada Administración pública ou organismo.
- b) Cada Administración pública ou organismo.
- c) O rexistro xeral de cada Administración pública ou organismo.

39. Indica o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso:

- a) Salvo que se trate de procedementos tramitados polas misións diplomáticas e oficinas consulares.
- b) Salvo que se trate de procedementos que esixan cumprir algún trámite no estranxeiro ou nos que interveñan interesados residentes fóra de España.
- c) Sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

40. Establece o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común que a Administración poderá conceder, de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos:

- a) Que non exceda da metade destes.
- b) Por un prazo máximo idéntico aos orixinais.
- c) Unicamente naqueles supostos taxados pola propia lei.

SUBGRUPO C2-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

41. Respecto dos actos que poñan fin aos procedementos selectivos e de concorrencia competitiva, sinala o artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas que:

- a) Serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito.
- b) Se exceptúan da necesidade de motivación.
- c) Serán motivados, de conformidade co que dispoñan as normas que regulen as súas convocatorias.

42. Á luz da enumeración realizada polo artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal dos seguintes actos non se prevé como un dos que deberá de ser motivado con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito?:

- a) Os actos que resolvan procedementos de arbitraje.
- b) Os acordos de aplicación da tramitación simplificada dun procedemento.
- c) Os acordos de adopción de medidas provisionais.

43. Segundo o artigo 36 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, nos casos en que os órganos administrativos exerzan a súa competencia de forma verbal, a constancia escrita do acto, cando sexa necesaria, será efectuada e asinada:

- a) Polo titular da competencia.
- b) Polo titular do órgano inferior ou funcionario que a reciba oralmente.
- c) Pola persoa en quen se delegou a competencia.

44. En virtude do principio de executividade recollido no artigo 38 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, serán executivos conforme ao disposto nesta lei os actos das administracións públicas:

- a) Ditados nos procedementos de responsabilidade patrimonial.
- b) Ditados nos procedementos disciplinarios.
- c) Suxeitos ao dereito administrativo.

45. Cando unha Administración pública teña que ditar, no ámbito das súas competencias, un acto que necesariamente teña por base outro ditado por unha Administración pública distinta e aquela entenda que é ilegal (artigo 39 da LPAC):

- a) Poderá apartarse do sentido deste sen ter que motivar o seu propio acto.
- b) Poderá requirir a esta previamente para que anule ou revise o acto.
- c) Declararalo lesivo para o interese público tras a impugnación ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

46. De acordo co artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando non sexa posible realizar a notificación de acordo co sinalado na solicitude, practicarase en calquera lugar adecuado para tal fin e por calquera medio que permita ter constancia:

- a) Da recepción polo interesado ou polo seu representante, así como da data, identidade e contido do acto notificado.
- b) Da recepción polo interesado ou polo seu representante, da data e da identidade fidedigna do remitente e destinatario desta.
- c) Da recepción polo interesado ou polo seu representante, da identidade fidedigna do remitente e destinatario desta e do contido do acto notificado.

SUBGRUPO C2-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

47. De acordo co artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando o interesado fose notificado por distintas vías tomarase como data de notificación:

- a) A daquela que se producise a través de medios electrónicos.
- b) A daquela que se producise en primeiro lugar.
- c) A daquela que se producise en último lugar.

48. No caso de que o primeiro intento de notificación se realizase antes das quince horas, o segundo intento deberá realizarse despois das quince horas, e viceversa, e deixarase en todo caso polo menos unha marxe de diferenza entre ambos os intentos de notificación de (artigo 42 da LPAC):

- a) Cinco horas.
- b) Dúas horas.
- c) Tres horas.

49. Dispón o artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que as notificacións por medios electrónicos se entenderán practicadas no momento en que:

- a) O interesado confirme a súa recepción a través dalgúns dos medios postos á súa disposición.
- b) Unha entidade de certificación confirme o envío.
- c) Se produza o acceso ao seu contido.

50. Cal dos seguintes actos das administracións públicas non serán en todo caso nulos de pleno dereito, segundo o disposto polo artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas?:

- a) Os que sexan constitutivos de infracción penal.
- b) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico.
- c) Os ditados prescindindo total e absolutamente das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.

51. Segundo o sinalado polo artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio determinarán:

- a) A súa invalidez.
- b) A súa nulidade de pleno dereito.
- c) A súa anulabilidade.

52. Establece o artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que o defecto de forma só determinará a anulabilidade:

- a) Cando así o impoña a natureza do defecto.
- b) Cando o acto dea lugar á indefensión dos interesados.
- c) Cando o acto careza de calquera requisito formal para alcanzar o seu fin.

53. A teor do artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, son anulables os actos da Administración:

- a) Que lesionen dereitos susceptibles de amparo constitucional.
- b) Que incorran en desviación de poder.
- c) Que teñan un contido imposible.

SUBGRUPO C2-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

54. Os actos nulos ou anulables que, con todo, conteñan os elementos constitutivos doutro distinto producirán os efectos deste en virtude do principio de (artigo 50 de LPAC):

- a) Conservación de actos e trámites.
- b) Validación.
- c) Conversión de actos viciados.

55. Segundo o artigo 52 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Administración poderá validar:

- a) Os actos anulables.
- b) Os actos expresos.
- c) Os actos nulos de pleno dereito.